

1. DATOS IDENTIFICATIVOS DA DISCIPLINA	
CÓDIGO	
MATERIA	Prácticas de interpretación Sistemas de interpretación
DISCIPLINA	Interpretación IV
TITULACIÓN	Titulación Superior en Arte dramática
ESPECIALIDADE	Interpretación
ITINERARIO	Común
CURSO	Segundo
CRÉDITOS ECTS	6
CARÁCTER	Obrigatoria
DEPARTAMENTO	Interpretación
CENTRO	ESAD de Galicia
COORDINADOR/A	María Francelina Crespo Méndez
DOCENTES	Nome e apelidos: Emel Morales Ramón  Horario titorías: <a href="https://esadgalicia.com/curso-escolar/">https://esadgalicia.com/curso-escolar/</a> Contacto: <a href="mailto:ermelmorales@edu.xunta.gal">ermelmorales@edu.xunta.gal</a>
DESCRICIÓN	Adestramento nos procesos psicofísicos da técnica actoral. Estudo práctico das técnicas de improvisación. Achegamento á situación imaxinaria e á construción da personaxe a través da acción dramática.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os coñecementos propios da disciplina Interpretación III
LINGUA EN QUE SE IMPARTE	Galego <input checked="" type="checkbox"/> Castelán <input checked="" type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Portugués <input type="checkbox"/>

2. COMPETENCIAS	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS DE GRAO	
T1	Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora
T2	Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
T3	Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
T6	Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersoal.
T7	Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
T8	Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
T9	Integrarse adecuadamente en equipos interdisciplinarios e en contextos culturais diversos.
T11	Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, ambiental e cara á diversidade.
T13	Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
T15	Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
T16	Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e ambiental.
T17	Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, da súa incidencia nos diferentes ámbitos e da súa capacidade de xerar valores significativos.
COMPETENCIAS XERAIS DA TITULACIÓN	
X1	Fomentar a autonomía e autorregulación no ámbito do coñecemento, as emocións, as actitudes e as condutas, mostrando independencia na recollida, análise e síntese da información, no desenvolvemento de ideas e argumentos dunha forma crítica e na súa capacidade para a propia motivación e a organización nos procesos creativos.
X2	Comprender psicoloxicamente e empatizar para entender e sentir as vidas, situacións e personalidades alleas, utilizando de maneira eficaz as súas capacidades de imaxinación, intuición, intelixencia emocional e pensamento creativo para a solución de problemas; desenvolvendo a súa capacidade para pensar e traballar con flexibilidade, adaptándose aos demais e ás circunstancias cambiantes do traballo, así como a conciencia e o uso saudable do propio corpo e o equilibrio necesario para responder aos requisitos psicolóxicos asociados ao espectáculo.
X3	Potenciar a conciencia crítica, aplicando unha visión crítica construtiva ao traballo propio e ao dos demais, e desenvolvendo unha ética profesional que estableza unha relación adecuada entre os medios que utiliza e os fins que persegue.
X4	Comunicar, mostrando capacidade suficiente de negociación e organización do traballo en grupo, a integración en contextos culturais diversos e o uso das novas tecnoloxías.
X5	Fomentar a expresión e a creación persoal, integrando os coñecementos teóricos, técnicos e prácticos

	adquiridos; mostrando sinceridade, responsabilidade e xenerosidade no proceso creativo; asumindo o risco, tolerando o fracaso e valorando de maneira equilibrada o éxito social.
X6	Desenvolver unha metodoloxía de traballo, estudo e investigación encamiñada á autoformación na propia disciplina, procurando ámbitos axeitados para a formación continuada e para adaptarse a diversas situacións, especialmente ás derivadas da evolución da súa profesión.
X7	Valorar a arte dramática como unha actividade integrada na sociedade e na cultura galegas, coas cales comparte obxectivos e retos.
X8	Vincular a propia actividade teatral e escénica a outras disciplinas do pensamento científico e humanístico, ás artes en xeral e ao resto de disciplinas teatrais en particular, enriquecendo o exercicio da súa profesión cunha dimensión multidisciplinar.
<b>COMPETENCIAS ESPECIFICAS DE ESPECIALIDADE</b>	
E1	Dominar os recursos expresivos necesarios para o desenvolvemento de procesos de interpretación, actuación e representación, no ámbito escénico e audiovisual.
E2	Participar na creación da partitura escénica e/ou personaxe, escénico ou audiovisual, e interpretar lo adecuadamente, a través do dominio das diferentes técnicas interpretativas.
E3	Vincular e interactuar coas restantes linguaxes e códigos que conforman o espectáculo escénico ou audiovisual.
E5	Concibir e fundamentar o proceso creativo persoal, tanto no que se refire ás metodoloxías de traballo como á renovación estética.
E6	Estudar o feito escénico a partir de diferentes métodos e coñecer aspectos básicos na investigación escénica.

3. OBXECTIVOS DA DISCIPLINA	COMPETENCIAS VINCULADAS
1. Afianzar no alumno os coñecementos adquiridos no curso anterior.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X4, X5, X6, E1, E2
2. Desenvolver capacidades e actitudes que favorezan o traballo equipo.	T1, T2, T3, T6, T7, X1, X4, X5, X6, E2, E5
3. Capacitar ao alumno para relacionar a teoría da interpretación coa súa práctica.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X5
4. Coñecer os elementos que compoñen a linguaxe escénica, as súas convencións e terminoloxías	T3, T6, T7, X5, X6, E2, E3, E5,
5. Desenvolver capacidades en comunicación expresiva. Unificación de coñecementos que integran a voz, o corpo e o xesto como medios expresivos e significantes.	T7, T8, X4, X5, X6, E3, E5
6. Dominar técnicas de repostas actorais espontáneas.	T1, T3, X2, X3, X4, X5, X6, E1, E3, E5
7. Coñecer o orixe da estrutura dramática e os seus elementos.	T1, T2, T3, T6, T7, T8, X1, X2, X3, X4, X5, X6, E1, E2, E5
8. Capacitar ao alumno para poñer en práctica un adestramento persoal que lle prepare no seu proceso de achegamento ao personaxe.	T6/ X4/ X6/ E1/ E2/ E5
9. Progresar nas habilidades de adaptación a códigos de estilo e xéneros dramáticos.	T1, T2, T6, X2, X4, X5, X6, E2, E3, E5
10. Desenvolver a capacidade creativa e investigadora.	T1, T2, T3, T6, T7, X2, X3, X4, X5, X6, E3, E5

4. CONTIDOS		
TEMAS	SUBTEMAS	SESIÓNS
1. SISTEMAS DE INTERPRETACIÓN I	1. Sistema Stanislavski 2. Outros métodos	16
PRÁCTICAS DE INTERPRETACIÓN IV	1. A acción 2. O espazo e o tempo dramáticos. 3. A técnica de composición.	16
TOTAL SESIÓNS		32

5. PLANIFICACIÓN DOCENTE			
Actividade / Número de horas	Presencial (horas)	Non presencial (horas)	Total
Traballos de aula	17	8	25
Presentacións / Exposicións	6	6	12
Práctica de aula individual	35	30	65
Práctica de aula colectiva	35	30	65
Titorías individuais* <b>*As horas estipuladas neste apartado poderían estar suxeitas as necesidades de reforzo do alumnado debidoa situación Covid-19.</b>	4		4
Titorías de grupo	2		2
Actividades de avaliación. Probas	2		
Actividades de avaliación. Presentacións / mostras	4		7
Actividades de avaliación. Revisión	1		

Total	106	74	180
Porcentaxe	58'8%	41,2%	100%

## 6. PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍAS DE ENSINANZA E APRENDIZAXE

Actividades	Descrición
Presentacións/ exposicións	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Prácticas de aula	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado.
Traballos de aula	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Tutoría docente	Entrevistas que o alumno mantén co profesorado da materia para asesoramento / desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe, coordinación de traballos, seguimento de actividades e asesoramento para a realización de probas.
Prácticas	Realización de actividades que permiten a cooperación de varias materias e enfrontan aos alumnos, traballando en equipo, a problemas abertos. Permiten integrar as competencias da materia e adestrar, entre outras, as capacidades de aprendizaxe en cooperación, de organización, de comunicación e de fortalecemento das relacións persoais.
Tutoría en grupo	Entrevistas que os alumnos manteñen co profesor da materia para asesoramento /desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Tutorías individuais	Entrevistas que o alumno mantén co profesor da materia para asesoramento/ desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.

## 7. ATENCIÓN PERSONALIZADA

Seguimento	Farase un seguimento personalizado integrado no traballo conxunto do grupo, facendo unha análise de cada caso específico e resolvendo cada casuística do xeito máis adecuado. <i>Tutoría presencial:</i> O alumnado ten un período de atención personalizada en horario non lectivo.
Orientación	Orientación respecto ás dúbidas e inqedanzas que xurdan en cada caso. <i>Tutoría electrónica:</i> O alumnado pode manter contacto permanente co profesor a través do correo electrónico.

## 8. FERRAMENTAS DA AVALIACIÓN

### 8. 1 Avaliación ordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Seguimento diario e asistencia.	T1,T3,T6,T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4,X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3	60%
Presentación dun exercicio práctico baseado nos traballos de creación realizados na aula. Este exercicio será presentado a comunidade académica.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3,X4, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3	20%
Memoria escrita para presentar de modo oral donde se expoña o proceso actoral do exercicio anterior, remitíndose sempre a os contidos, temas e subtemas da Guía. De entre 2 e 4 folios seguindo os protocolos de edición e redacción contemplados polo centro.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4,X5, X6, X7, X8	20%

### 8.2. Avaliación extraordinaria

Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
Representación dunha escea ou peza breve de entre 15 e 20 minutos de duración que debe incluír polo menos dous intérpretes en total. A proposta debe ser comunicada a o profesor/a con dous meses de antelación previos a data do examen, dispoñendo o docente de 5 días hábiles para comunicar a súa aprobación.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T10, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4, X5, X6, X7, EI1, EI2, EI3	65%
Memoria escrita donde se expoña o proceso actoral do exercicio anterior, remitíndose sempre a os contidos, temas e subtemas da Guía. De entre 10 e 15 folios seguindo os protocolos de edición e redacción contemplados polo centro.	T1,T2,T3,T6,T7, T8, T9, T11, T13, T15, T16, T17, X1, X2, X3, X4,X5, X6, X7, X8	35%

8.3 Avaliación específica para alumnado sen avaliación continua / ordinaria / extraordinaria		
Ferramenta / actividade	Competencias avaliadas	Ponderación
As mesmos da avaliación extraordinaria	As mesmos da avaliación extraordinaria	A mesma da avaliación extraordinaria
<p><b>OBSERVACIÓNS</b></p> <p>Todos os traballos escritos deben seguir as normas académicas recollidas no seguinte enlace: <a href="#">IP701.10 Normas presentación e defensa TFE</a></p>		



## 9. BIBLIOGRAFÍA, MATERIAIS E OUTROS RECURSOS

### Referencias básicas

Bogart Anne (2005), *Introducción a Dirección de Escena. Sete ensaios sobre a arte teatral*, Vigo. Galaxia.

Bogart Anne/ Landau Tina (2022), *El libro de los Viewpoints*, Bilbao. Artezblai.

Chéjov, M (1999), *Sobre la técnica de la actuación*, Barcelona. Alba Editorial

Knebel, M. O. (1999) *El último Stanislavski*, Madrid. Fundamentos.

Knebel, M. O. (2004) *La palabra en la creación actoral*. Madrid. Fundamentos.

### Referencias complementarias

Chéjov, M. (2006) *Lecciones para el actor profesional*. Barcelona. Alba editorial.

Richards Thomas (2005). *Trabajar con Grotowski sobre las acciones físicas*. Barcelona, Alba editorial,

## 10. OBSERVACIONES

O establecido no apartado 4, Contidos, pode ser obxecto de modificación en función dos acordos entre profesorado e alumnado, en función das necesidades do propio alumnado e en función das necesidades das propostas dramáticas. Estes cambios trasladaranse á Xefatura de Departamento e de Estudos para o seu coñecemento.